Exercicios de apoio da 3ª Quincena

TEMA 11: A Poboación e a Organización do Poboamento

Exercicios de apoio. (Intenta completar os seguintes exercicios antes de mirar a resposta que tés ao final).

1. Completa as seguintes frases:

1. A evolución da poboación galega durante o século _____ divídese en _____ etapas.

2. A partir de _____, a _____ desaceleración demográfica protagoniza a evolución da poboación.

3. A redución da taxa de_____ estivo motivada polas mudanzas _____ e _____ vividas pola sociedade.

4. Entre 1920 e 1960 a taxa de _____ reduciuse por debaixo do _____.

5. En termos _____ o século XX caracterízase por unha tendencia _____ xeneralizada.

6. Entre 1995 e 1996, mais do _____ dos concellos tiveron balance vexetativo _____.

7. As causas que propician os movementos _____ son principalmente de índole_____.

8. _____ e _____foron os países de destino para o _____ dos galegos que emigraron entre 1961 e 1980.

9. As provincias de _____ e _____ presentan os índices de _____ máis _____de Galicia.

10. Desde 1980 Galicia converteuse en país_____ de poboación _____.

11. En _____ Galicia viviu un proceso de _____ de poboación nas cidades.

12. Na orixe da polución atmosférica podemos sinalar o _____ e as_____ das áreas urbanas,

13. No ámbito_____, as casas de recente construción localízanse de xeito_____ polo territorio.

14. O actual mapa _____ divide Galicia en _____ _____.

2. Resposta as seguintes cuestións:

1. Que significa a data de 1950 na evolución da poboación galega?
2. En que medida a emigración repercutiu sobre a estrutura da poboación galega?
3. Cita tres mudanzas estruturais que motivaran a redución da natalidade no transcurso do século XX?
4. Cal é a característica demográfica que ilustra boa parte dos concellos do interior do país?
5. Cales foron os principais países de destino da emigración galega nas primeiras décadas do século XX ?
6. Sinala os principais impactos ambientais producidos nas áreas urbanas.
7. Que motivos están detrás dos procesos de periurbanización vividos nas cidades galegas na década dos 90 ?
8. Que características definen as comarcas occidentais?

Respostas exercicios

1. Completa as frases
1. XX, dúas.
2. 1950, desaceleración.
3. natalidade, sociais, económicas.
4. mortaldade, 10‰.
5. vexetativos, decrecente.
6. 90%, negativo.
7. migratorios, económica.
8. Suíza, Alemaña, 90%.
9. Lugo, Ourense, avellentamento, elevado.

10. receptor, inmigrante.
11. 1960, concentración.
12. tráfico, industrias.
13. rural, incontrolado.

14.

comarcal, 53, comarcas.

2. Resposta as seguintes cuestións:

1. A data de 1950 é un punto de inflexión. A partir dese ano a desaceleración demográfica protagoniza a evolución da poboación-
2. O continxente migratorio formado por homes principalmente, afectou directamente a taxa de natalidade e a perda de poboación de amplas zonas do país.
3. Entre as mudanzas estruturais que motivaran a redución da natalidade no transcurso do século XX podemos citar a promoción social e laboral da muller, incidencia da forte emigración, procesos de urbanización.
4. A característica demográfica de boa parte dos concellos do interior é o avellentamento.
5. Os principais destinos son, por orde de importancia, Cuba, Arxentina e Brasil.
6. Entre os principais impactos ambientais en áreas urbanas podemos encontrar a polución atmosférica, a contaminación por augas residuais e a xestión dos residuos sólidos urbanos.
7. Principalmente o deterioro da calidade de vida e a presión sobre o prezo do solo que dificulta o acceso á vivenda.
8.As comarcas occidentais son pequenas en superficie e presentan altas densidades de poboación.